



# **MEMORIA DE CALIDADE**

**Facultade de Óptica e Optometría**

**Curso Académico: 15/16**

 <b>USC</b> <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULDADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017
	FORMATO	Página 2 de 30

## Índice

1. Introducción .....	3
2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade .....	8
3. Plan de Melloras do Centro .....	23
4. Anexo: Informes de seguimento .....	30

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULDADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017
	FORMATO	Páxina 3 de 30

## 1. Introducción

A Facultade de Óptica e Optometría considera a importancia que ten a calidade no contexto universitario, para garantir os programas formativos que dean resposta ás demandas da sociedade. Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade elabora a súa política tendo como principal obxectivo o desenvolvemento de programas formativos avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

A USC aprobou o primeiro SGIC marco en decembro de 2009, e a Comisión delegada do Consello de Goberno de Calidade e Planificación, na sesión que celebrou o 31 de maio de 2013, aprobou unha simplificación documental e o 3 de outubro de 2014 unha modificación dos indicadores e informes dispoñibles dentro do SGIC. A Facultade de Óptica e Optometría, mantendo o seu compromiso coa calidade adaptou o seu SGIC conforme ás modificacións do SGIC marco e elaborou o manual simplificado, que foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 4 de febreiro do 2015.

O “Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interno de Calidade da Facultade de Óptica e Optometría”, así como o “Manual do Sistema de Garantía Interno de Calidade” e o “Manual de Procesos e Procedementos” están dispoñibles na páxina web da Facultade, no seu epígrafe dedicado á Calidade <http://www.usc.es/gl/centros/opto/sgic.html>

A documentación relativa ao SGIC en vigor durante o curso 2015/16 recóllese na Secretaría do Centro e nas vicerreitorías competentes relacionadas con cada proceso/procedemento; tamén dispoñible na web da Facultade na ligazón de Calidade <http://www.usc.es/gl/centros/opto/calidade.html>

Dende o 24/07/2013, data na que se puxo en marcha a “Aplicación de Apoio aos Sistemas de Xestión”, por parte da Área de Calidade da USC, tanto a Responsable de Calidade como a Responsable da Unidade de apoio á xestión do centro e departamentos da Facultade de Óptica e Optometría, utilizan dita aplicación informática incluíndo nela todas as accións de calidade desenvolvidas en cada curso.

Na Memoria de Calidade da Facultade de Óptica e Optometría correspondente ao curso académico 2015/16 recóllese toda a información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade, ao seguimento do título que se imparte e ao plan de melloras proposto para o centro para o curso 2016/17.

O ámbito de aplicación do SGIC durante o curso 2015-2016 ten en conta a titulación impartida no centro e a todos os grupos de interese da Facultade: 342 alumnos/as (IN02-PC-05), 48 membros do cadro do PDI e 10 membros do PAS.

Os títulos vinculados á Facultade durante o curso 2015-2016 son:

- Grao en Óptica e Optometría (*titulación profesional regulada por Lei*).

Impártese ademais por 5º vez o Curso Ponte para a obtención do Grao en Óptica e Optometría para os/as Diplomados/as en Óptica e Optometría.

Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC, ademais do Manual do SGIC, o Manual de Procesos e Procedementos e a normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), que se relaciona a continuación:

- Memoria do Grao en Óptica e Optometría da USC <http://www.usc.es/gl/centros/opto/calidade.html>
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Óptica e Optometría

 FACULTADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017
	FORMATO	Páxina 4 de 30

<http://www.usc.es/gl/centros/opto/regulamento.html>

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGIC son a Xunta de Facultade, a Comisión de Calidade, a Comisión de Título, o Equipo Decanal, a responsable de calidade do centro e a coordinadora de título. As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionados co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no punto 3 do Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interno de Calidade da Facultade de Óptica e Optometría: Estrutura para o desenvolvemento do SGIC Capítulo 3 do manual simplificado do SGIC do Centro <http://www.usc.es/gl/centros/opto/sgic.html>

Detállanse a continuación a composición e funcións da Comisión de Calidade:

### MEMBROS DA CCC

Decano/a ou Director/a do Centro (presidente/a)

Responsable de Calidade do Centro (RCC)

Coordinador/a de Titulación/s

1 membro do PAS (Responsable da Unidade de Centro ou persoa que designe o/a decano/a ou Director/a do Centro)

1 alumno/a (preferiblemente alumno/a - titor/a)

Outros membros que o/a decano/a ou director/a do Centro considere oportuno propoñer á Xunta de Centro para o bo funcionamento do SGIC.

Son funcións da Comisión de Calidade:

- Realizar o deseño, implantación, seguimento e mellora do SGIC da Facultade.
- Elaborar a Memoria de Calidade da Facultade, que englobará os distintos informes e memorias (informe de resultados do sistema, que inclúe a proposta do plan de melloras da Facultade para o curso seguinte; informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora e memoria de seguimento dos títulos que inclúen as propostas de mellora, elaboradas polas correspondentes comisións de título).

Durante o curso 2015/2016 tivo lugar o proceso de renovación da acreditación do Título de Grao en Óptica e Optometría. Coa finalidade de preparar a acreditación, o 5/10/2015, reuniuse o Equipo Decanal coa Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, na Facultade de Óptica e Optometría.

As datas das reunións da Comisión de calidade durante o curso 2015/2016 así coma a orde do día de cada unha das sesións recóllense na seguinte táboa

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017
	FORMATO	Páxina 5 de 30

<b>Reunións da Comisión de Calidade</b>	
<b>Data da reunión</b>	<b>Orde do día</b>
<b>21/10/2015</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Seguimento do Título</li> <li>2. Acreditación</li> </ol>
<b>03/12/2015</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Acreditación do Título</li> </ol>
<b>29/02/2016</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Memoria de Calidade do Centro 2015</li> <li>2. Axudas para o desenvolvemento de acción de mellora da docencia. Convocatoria 2016</li> </ol>
<b>14/03/2016</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Estudo das solicitudes de axudas para o desenvolvemento de acción de mellora da docencia</li> </ol>
<b>30/05/2016</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Información do proceso de renovación da acreditación e resultados</li> <li>2. Aprobación, se procede, do calendario de TFG, curso 2016/2017 (AM-04)</li> <li>3. Aprobación, se procede, do calendario das Prácticas Tuteladas, curso 2016/2017</li> <li>4. Aprobación, se procede, da Guía e Díptico do centro, curso 2016/2017</li> <li>5. Valoración do modelo de guía docente (AM-03)</li> <li>6. Creación da Comisión de Seguimento das Prácticas Tuteladas</li> </ol>
<b>09/10/2016</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Inicio do proceso de seguimento do título de grao do curso 2015/2016</li> </ol>
<b>14/11/2016</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Seguimento do título de Grao do curso 2015/2016</li> </ol>
<b>24/01/2017</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Informe de Seguimento do título de Grao do curso 2015/2016</li> </ol>

A Xunta de Facultade debe aprobar o informe de resultados, o informe de seguimento e propostas de mellora do Sistema de Garantía Interna de Calidade, así coma a memoria do título de grao e a proposta de accións de mellora. No ano 2016, as datas de celebración de reunións da Xunta de Facultade, o tipo de sesión e a orde do día de cada unha de elas recóllense na seguinte táboa

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULDADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017
	FORMATO	Páxina 6 de 30

<b>Reunións da Xunta de Facultade</b>	
<b>Data e tipo de sesión</b>	<b>Orde do día</b>
<b>09/12/2015</b> Extraordinaria	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Aprobación, se procede, do informe de renovación da acreditación do Grao en Óptica e Optometría</li> </ol>
<b>16/12/2015</b> Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Lectura e aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores.</li> <li>2. Informe da Sra. Decana</li> <li>3. Emisión de informes para o recoñecemento de complementos por méritos docentes 2015 (quinquenios).</li> <li>4. Rogos e preguntas.</li> </ol>
<b>19/01/2016</b> Extraordinaria	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Aprobación, se procede, da proposta do límite de prazas do grao e do curso ponte (2016/2017)</li> <li>2. Renovación da solicitude de autorización da aplicación do Ministerio</li> <li>3. Declaración de intencións da proposta de dobre titulación do Grao en Farmacia e Óptica e Optometría</li> <li>4. Acordo, se procede, de asignación directa de TFG a proposta conxunta do/da estudante e titor/a</li> <li>5. Aprobación, se procede, dos representantes dos grupos de interese (PDI, PAS, estudantes, egresados, empregadores) para a visita da comisión avaliadora de renovación da acreditación do título do Grao en Óptica e Optometría</li> </ol>
<b>26/01/2016</b> Extraordinaria	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Renovación de membros nas Comisións delegadas da Xunta de Facultade.</li> <li>2. Aprobación, se procede, do cambio dun titor de TFG por baixa médica.</li> </ol>
<b>16/03/2016</b> Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Lectura e aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores.</li> <li>2. Aprobación, se procede, da Memoria de Calidade do Centro 2015.</li> <li>3. Proposta de convenio de mobilidade ERASMUS coa Universidade do Minho.</li> <li>4. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da delegación do alumnado.</li> <li>5. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Óptica e Optometría (adaptado aos novos estatutos).</li> <li>6. Rogos e preguntas.</li> </ol>
<b>01/04/2016</b> Extraordinaria	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Aprobación, se procede, do PDA do curso 2016/2017.</li> </ol>

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULDADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017
	FORMATO	Páxina 7 de 30

	<ol style="list-style-type: none"> <li>Proposta de convenio de mobilidade ERASMUS coa Universidade do Minho.</li> </ol>
<b>10/05/2016</b> Extraordinaria	<ol style="list-style-type: none"> <li>Aprobación, se procede, dos horarios e calendario de exames do vindeiro curso académico 2016/2017.</li> </ol>
<b>01/06/2016</b> Extraordinaria	<ol style="list-style-type: none"> <li>Resposta á alegación presentada pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos ao proxecto de modificación da memoria do Grao en Óptica e Optometría.</li> </ol>
<b>16/06/2016</b> Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> <li>Lectura e aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores.</li> <li>Aprobación, se procede, da planificación académica para o curso 2016/2017 (horarios – calendario TFG e Prácticas Tuteladas – Guía e díptico do centro).</li> <li>Aprobación, se procede, do modelo de Guía Docente para as materias da titulación.</li> <li>Aprobación, se procede, dos Tribunais encargados de avaliar os TFG na convocatoria de xullo.</li> <li>Informe á solicitude do director do departamento de Psiquiatría, radioloxía e saúde pública, en relación á súa modificación por Acordo do Consello de Goberno do 1 de marzo de 2016.</li> <li>Rogos e preguntas.</li> </ol>
<b>05/07/2016</b> Extraordinaria	<ol style="list-style-type: none"> <li>Aprobación, se procede, da programación docente das materias do curso 2016/2017.</li> </ol>
<b>28/10/2017</b> Extraordinaria	<ol style="list-style-type: none"> <li>Aprobación, se procede, da actualización da memoria do título de Grao en Óptica e Optometría, na aplicación de verificación de títulos oficiais do Ministerio.</li> </ol>
<b>01/12/2016</b> Extraordinaria	<ol style="list-style-type: none"> <li>Aprobación, se procede, da modificación de calendario de prácticas.</li> </ol>
<b>19/12/2016</b> Ordinaria	<ol style="list-style-type: none"> <li>Lectura e aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores.</li> <li>Renovación das comisións delegadas da Xunta de Facultade.</li> <li>Aprobación, se procede, dos acordos tomados na Comisión de Asuntos Económicos.</li> <li>Aprobación, se procede, da designación de coordinadores e responsables.</li> <li>Emisión de informes para o recoñecemento de complementos por méritos docentes 2016 (quinquenios).</li> <li>Rogos e preguntas.</li> </ol>

 FACULTADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017
	FORMATO	Páxina 8 de 30

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

### 2.1 Vixencia da Política de Calidade.

Afondando no seu compromiso coa Calidade, a Facultade de Óptica e Optometría elaborou, durante o curso 2014/2015 o seu Plan Estratéxico e a Programación Plurianual (Aprobados ambos pola Comisión delegada do Consello de Goberno na súa sesión do 12/07/2015) necesaria para poder acadar os obxectivos de calidade establecidos para o período 2014-2018. A posta en marcha de todos os procesos e procedementos establecidos no SGIC permitiunos superar no curso 2015/2016 a renovación da acreditación da titulación de Grao en Óptica e Optometría.

### 2.2 Evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico da Facultade

O Plan estratéxico da Facultade de Óptica e Optometría divídese nos seguintes eixos estratéxicos

Eixe 1: Docencia-Investigación –Asistencia

Eixe 2: Xestión

Eixe 3: Infraestruturas

Eixe 4: Relacións coa Sociedade

A continuación detállase a evolución e grao de cumprimento dos obxectivos e liñas de actuación contempladas en cada un destes eixos

#### Eixe 1: Docencia-Investigación-Asistencia

Neste eixe definíronse 6 obxectivos estratéxicos dos cales 4 están relacionados coa docencia, 1 coa investigación e o último coa vertente asistencial do Facultade.

As prioridades da Facultade para o curso 2015/2016 foron a renovación da acreditación do título, enmarcado no obxectivo 1.2 do plan estratéxico, e a modificación da memoria do título có obxecto de salientar erros detectados na memoria vixente na aplicación do Ministerio. Este último proceso tivo que ser paralizado ata a finalización da renovación da acreditación (segundo as Instrucións da Secretaría Xeral de Universidades para o desenrolo do Decreto 222/2011, cláusula 7a). Polo tanto, as modificacións de tipo administrativo, que non respecto a docencia nin plan de estudos, deixáronse pendentes para o curso 2016/2017.

A visita da Comisión avaliadora do proceso de acreditación da titulación de Grao en Óptica e Optometría ao centro tivo lugar o 02/02/2016. Na preparación dos materiais necesarios para a avaliación, tivéronse en consideración todas e cada unha das suxestións e achegas elaboradas pola Área de Calidade da USC e a guía da ACSUG para a verificación títulos. A Comisión de título tivo reunións nas datas 21/10/2015, 4/11/2015, 11/11/2015, 25/11/2015, 30/11/2015, 3/12/2015, todas elas tiveron coma orde do día “proceso de verificación da titulación de Grao en Óptica e Optometría”. En paralelo tamén se convocaron as reunións da comisión de calidade que figuran no punto 1. A partires do mes de decembro as reunións da comisión do título celebradas os días 3/12/2015 e 13/01/2016 tiveron como finalidade perfilar os documentos finais de cara ao proceso da visita dos avaliadores da titulación. A documentación xerada durante todo o proceso foi aprobada na Xunta de Facultade na sesión do día 15/01/2016.

Logo da visita dos avaliadores, as seguintes reunións da comisión de título, tiveron lugar para desenvolver procesos e procedementos comúns do título e para dar contestación as alegación do



 FACULTADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017
FORMATO		Páxina 9 de 30

comité avaliador da titulación, as reunións tiveron lugar nas seguintes datas 11/02/2016, 25/02/2016, 4/04/2016, 8/04/2016, 18/04/2016 e 26/05/2016. No informe provisional de acreditación, esixiuse ao centro a elaboración dun plan de melloras. Dito plan consistiu en 13 accións, moitas das cales xa estaban contempladas no plan estratéxico e na programación plurianual do centro.

O informe final da acreditación do Grao en Óptica e Optometría, pódese atopar na seguinte ligazón: <http://www.usc.es/gl/centros/opto/calidade.html> e tamén se pode consultar na Secretaría do Centro.

Continuando co grao de cumprimento do plan estratéxico, dentro do eixe de DOCENCIA, a facultade mellorou a información da páxina web sobre as prácticas tuteladas (punto 1.2.3.2 do plan estratéxico) e sobre o Traballo Fin de Grao elaborando novos cadros có procedemento de adxudicación e as datas de solicitude de ambos procesos. Os dous novos formatos están dispoñibles na páxina web do centro nos enlaces <http://www.usc.es/gl/centros/opto/practicass.html> e [http://www.usc.es/gl/centros/opto/Traballo\\_Fin\\_Grao\\_15\\_16.html](http://www.usc.es/gl/centros/opto/Traballo_Fin_Grao_15_16.html), respectivamente.

Salientar que o deseño dun novo formato clarexando o proceso dos TFG foi unha das accións de mellora do plan de melloras (AM04) con orixe na acreditación debido a un erro de interpretación do proceso de adxudicación dos traballos por parte do alumnado.

Outro dos puntos do plan estratéxico que se está a desenvolver é o punto 1.2.3.4, que é a exploración da posibilidade dunha dobre titulación con outras titulacións de interese. En concreto, mantivéronse reunións co equipo decanal de Farmacia, enviándose unha declaración de intencións para implantar o dobre Grao Farmacia –Óptica e Optometría, cuxa viabilidade foi aprobada polo Consello de Goberno con data 10/03/2016. Ante a imposibilidade de ofertalo para o curso 16/17, a Xunta de Facultade do 20/01/2017 acordou reiterar a proposta de declaración de intencións do dobre grao para implantalo no curso 2017/2018.

Neste mesmo eixe, tamén se traballou no punto 1.3 Programas de mobilidade, do plan estratéxico. A facultade asinou novos convenios de mobilidade con Universidades Españolas, e cunha Universidade Europea, en concreto a Universidade de Minho. Na actualidade, estase a analizar a posibilidade de establecer convenios cos países árabes, en concreto coas Universidades de Irán.

Un punto clave do plan estratéxico é o punto 1.4 centrado na implantación dos mecanismos necesarios para a obtención do Diploma Europeo en Optometría. Neste sentido, o primeiro paso é o desenvolvemento do documento de control de actividades docentes “portfolio de práctica clínica” para o alumnado. Este documento de control xa se puxo en marcha na materia “Clínica Optométrica I”. Nos vindeiros anos, o portfolio extenderáse a todas as materias específicas, tal e como se require para a obtención do diploma. É necesario facer constar que a falla de presuposto fai inviable, a día de hoxe, a solicitude de dito Diploma xa que o gasto que supón en viaxes, dietas da Comisión avaliadora e as taxas da avaliación non poden ser asumidas polo centro coa dotación orzamentaria dispoñible.

## Eixe 2: Xestión

Neste eixe definíronse 4 obxectivos estratéxicos. O primeiro deles centrado no Sistema de xestión de calidade, o segundo en realizar unha administración eficaz e eficiente, o terceiro relacionado coa mellora das liñas de información e o último coa organización académica do centro.

En relación ao Sistema de xestión de calidade, o primeiro obxectivo secundario, que é a definición dos obxectivos e da política de calidade do centro xa se acadou no curso 14/15, coa elaboración do plan estratéxico e da programación plurianual. O segundo obxectivo secundario lévase a cabo todos os anos, e comprende a elaboración dos informes de seguimento dos títulos e do proceso de implantación do SGIC.

En relación ao obxectivo 2, administración eficaz e eficiente, indicar que no centro se elabora

 FACULTADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017
FORMATO		Páxina 10 de 30

todos os anos un estudo e priorización por áreas de gasto docente dos recursos orzamentarios, como proba a acción de mellora AM09 do plan de melloras da titulación.

O obxectivo 3 adicado á mellora das liñas de información tamén se desenvolve anualmente, elaborando os dípticos e guías da titulación, e coa mellora continua da páxina web.

No punto 4 relacionado coa organización académica, salienta que a mellora da coordinación vertical e horizontal do centro estase a realizar a través de reunións dos coordinadores de cada curso académico (unha reunión o último venres de cada mes), e da posta en marcha do sistema de guías docentes das materias (Acción de mellora AM03 do plan de melloras da titulación)

### Eixe 3: Infraestruturas

Neste eixe definíronse 4 obxectivos fundamentais. O primeiro dirixido a coñecer o estado das infraestruturas do centro. O segundo e o terceiro dirixidos a mellorar as infraestruturas das aulas, gabinetes e laboratorios do centro e o terceiro á mellora e ampliación das instalacións específicas asistenciais do centro.

Para poder alcanzar estes obxectivos, é fundamental unha análise do estado xeral das infraestruturas do centro, tanto das destinadas á docencia coma á investigación e as de uso xeral. A análise sobre as infraestruturas docentes realízase por dúas vías: as enquisas de satisfacción do profesorado coa docencia impartida, INF.14 do SGIC, e a través da análise elaborada pola Comisión de calidade na súa sesión do 14/03/2016 para o estudo das solicitudes de axudas para o desenvolvemento de acción de mellora da docencia.

A renovación de todo o material obsoleto dos laboratorios de prácticas da titulación é un dos obxectivos prioritarios do noso plan estratéxico, sen embargo, a dotación presupostaria do centro é totalmente insuficiente para poder alcanzar esta meta a curto prazo.

Por outra banda, a renovación dos medios de proxección das aulas, a mellora das instalacións eléctricas do centro para dotar ás aulas de conexións para dispositivos portátiles, mellora da cobertura WIFI e a dotación dun sistema de videoconferencia para o centro continúan a ser tarefas pendentes, debido fundamentalmente aos problemas presupostarios dos últimos anos.

### Eixe 4: Relacións coa Sociedade

Neste eixe definíronse os seguintes 4 obxectivos: Incrementar as relacións coas empresas, establecer mecanismos de interacción co alumnado, establecer mecanismos de interacción cos egresados e por último, difundir a cultura profesional.

Para acadar estes obxectivos, a Facultade colaborou, cedendo ás súas instalacións, na realización das seguintes actividades de difusión da Ciencia e da Investigación:

1. “Obradoiro sobre contaminación lumínica”, impartido o 11/11/2015 polo *Colectivo en Transición Calidade do Ceo Nocturno*.
2. Reunión de Investigación do grupo Goifomo co Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia (LOMG) celebrada o 27/01/2016
3. Masterclass Internacional [Hands on Particle Physics](#) impartida polo Prof. Cibrán Santamarina o 4/03/2016
4. Actividades de Difusión da Óptica do grupo de estudantes OSA-Chapter da USC. Actividade en colaboración coa AMPA do Colexio Pío XII e dirixida a alumnos de primaria. Celebrouse o día 8/04/2016

 FACULTADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017
	FORMATO	Páxina 11 de 30

5. Kick Off meeting da rede nacional “Red Temática para la Caracterización y Control de la Luz Láser (C2L2)” celebrada o 6/06/2016
6. Charla “Advances in Three Dimensional Sensing, Visualization, and Display” do Prof Bahram Javidi, organizada polo grupo USC-OSA Student Chapter

Ademáis, na semana do 26 ao 28/01/2016, a Facultade organizou a xornada de formación transversal dirixida ao alumnado do grao en Óptica e Optometría co seguinte programa.

#### Xornada do día 25/01/2016

- Presentación a cargo da empresa **HOYA**
  - ¿Qué es Hoya?
  - Fabricación de lentes progresivas ID Free Form
  - Herramientas de apoyo a la venta: Realidad Aumentada (HVC Viewer) y Visu Real
- Seminario a cargo da empresa **Viuda de Montemerlo**
  - Atención al Cliente en Establecimientos Ópticos (sesión I)

#### Xornada do día 26/01/2016

- Seminario a cargo da empresa **Essilor**
  - Últimos Avances en Lentes Oftálmicas
- Seminario a cargo da empresa **Viuda de Montemerlo**
  - Atención al Cliente en Establecimientos Ópticos (sesión II)

#### Xornada do día 27/01/2016

- Seminario a cargo de **SIODEC** (Sociedad Internacional de Optometría del Desarrollo y del Comportamiento)
  - Terapia Visual como Tratamiento Optométrico
- Seminario a cargo de la empresa **Viuda de Montemerlo**
  - Atención al Cliente en Establecimientos Ópticos (sesión III)

#### Xornada do día 28/01/2016

- Seminario a cargo de la empresa **Briot Weco**
  - Presentación do VX-120
- Seminario a cargo de la empresa **Viuda de Montemerlo**
  - Atención al Cliente en Establecimientos Ópticos (sesión IV)

Por outra banda, a Xunta de Facultade na súa sesión do día 16/03/2016 aprobou o regulamento da delegación de alumnos. A súa creación e posta en marcha (no curso 16/17 e 17/18) constitúe o primeiro paso cara a creación dunha asociación de antigos alumnos da facultade (obxectivos recollidos no plan estratéxico).

 FACULTADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017
	FORMATO	Páxina 12 de 30

### 2.3 Evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro, recollidos na Programación Plurianual de Calidade do Centro.

A programación plurianual de calidade da Facultade de Óptica e Optometría foi aprobada pola Comisión Delegada do Consello de Goberno na súa sesión do 12/07/2015. Dita programación vértase nos mesmos 4 eixos que o plan estratéxico e a súa evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade é paralelo á evolución e grao de cumprimento de Plan estratéxico. Na seguinte páxina amósanse os obxectivos e accións da programación plurianual e o grao de cumprimento dos obxectivos. Márcanse en azul os obxectivos acadados na súa totalidade e as accións levadas a cabo para tal fin e en rosa as actividades realizadas dentro dos obxectivos acadados parcialmente.

**EVOLUCIÓN DA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL 2014/2018**  
**(Aprobada pola Comisión Delegada do Consello de Goberno o 12/07/2015)**

**EIXE 1: DOCENCIA-INVESTIGACIÓN-ASISTENCIA**

OBXECTIVO	ACCIÓN	DATA.	INDICADOR ES	GRAO DE CUMPRIMENT O
<b>Revisión da oferta docente</b>	Modificación título. Establecer calendario de traballo Reunións por curso e módulo Mellora comunicación entre cursos Distribución carga traballo materias	Curso 16-17  2014-2018	IOA-2-5 IN01-PC05 IN02-PC-05 IN03-PC05 IN04-PC05 IN05-PC05	Totalmente acadado
<b>Calidade da docencia</b>	Enquisas aos egresados Enquisas da situación profesional Enquisas a alumnado e profesorado (carga real de traballo na titulación)	Curso 14-15  Anualmente	INF-12 IN44-S01-PM-01	Parcialmente Acadado
<b>Acreditar a titulación</b>	Mellorar difusión da titulación Revisar cumprimento da memoria titulación Explorar posibilidade dunha dobre titulación	Curso 15-16  Anualmente	Informe final da ACSUG 2016	Totalmente acadado

	(Farmacia - Óptica/Optometría)			
<b>Mobilidade estudantes</b>	Establecer convenios con outras universidades	Dende 2015-ao 2018	Nº convenios establecidos: Aumento de 4 plazas nos convenios SICUE. Firma dun convenio coa Universidades do Minho	Parcialmente acadado
	Difusión programas Erasmus – Sicue no centro			
	Establecer convenios con universidades fóra ámbito europeo		Nº estudantes solicitantes: 0	
<b>Diploma europeo</b>	Xestionar co <i>European Council of Optometry and Optics ECCO</i> a solicitude do diploma europeo	2015-2018		Parcialmente acadado
	Desenvolver o portfolio de traballo para diploma europeo			

<b>Investigación</b>	Organizar a investigación no centro Xornadas difusión investigación entre o alumnado	Anualmente	Nº proxectos:	
<b>Asistencia primaria</b>	Difusión información e folletos para dar a coñecer os servizos da Facultade Celebración xornadas temáticas Participación activa dia mundial visión Convenios con diferentes institucións relacionadas coa Optometria	Anualmente	Nº xornadas: 1 Nº convenios: Convenio CCOO de Galicia e con Ópticas de fora da Comunidade galega	Parcialmente acadado
<b>EIXE 2. XESTIÓN</b>				
<b>Xestión de Calidade do centro</b>	IMPLANTACIÓN SGIC CENTRO (informe de seguimento) Definir obxectivos calidade centro Elaborar memoria anual de calidade Elaborar PE centro Elaborar a programación plurianual centro Material con logo facultade e difusión	Anualmente	Anualmente	Totalmente Acadado

<p><b>Administración</b></p>	<p>Estudo e priorización por áreas de gasto docente eficiente Redeseñar procesos Planificar novos procesos Organizar documentación importante xerada polos novos procesos do centro</p>	<p>2014-2018</p>	<p>Nº procesos creados:3</p>	<p>Totalmente Acadado</p>
<p><b>Renovación web centro</b></p>	<p>Internacionalización da páxina web</p>	<p>Anualmente</p>	<p>Anualmente</p>	<p>Pendente</p>
<p><b>Actualizar cumprimento normativa riscos laborais centro</b></p>	<p>De acordo coa Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais e dentro do plan de prevención de riscos laborais da USC <a href="https://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sprl/descargas/PPRL_xEdicixn_5x.pdf">https://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sprl/descargas/PPRL_xEdicixn_5x.pdf</a> – Revisión plan autoprotección do Centro 2015</p>			<p>Totalmente Acadado</p>
<p><b>EIXE 3: INFRAESTRUTURAS</b></p>				
<p><b>Mellora infraestruturas centro</b></p>	<p>Revisión material aulas Revisión material docente de gabinetes – laboratorios</p>	<p>Anualmente</p>	<p>Enquisas propias aos usuarios IN46-S01_PM01</p>	<p>Parcialmente Acadado</p>



	Adecuación aula docente informática necesidades centro		IN47-S01-PM-01	
<b>Renovación equipos prácticas</b>	Coñecer estado infraestruturas docentes centro Renovación equipos laboratorios		Informe dos servizos da Facultade	Parcialmente Acadado (Non se puido facer a renovación total por falta de presuposto)
<b>Mellora en sistemas comunicación</b>	Mellorar cobertura wifi e de “terminais de corrente” centro		Núm. de novos terminais de corrente	Parcialmente Acadado Mellorouse a cobertura da WIFI pero non o número de “terminais de corrente” por falta de presuposto
<b>EIXE 4: RELACIÓNS COA SOCIEDADE</b>				
<b>Convenios</b>	Incrementar nº convenios con empresas Incrementar nº convenios con fundacións	Anualmente	Nº convenios novos firmados no curso 2015/2016 Con empresas: 5	Totalmente acadado para o curso 2015/2016

			máis o convenio có CNOO Con Institucións: Mantemento dos convenios coa Consellería de Política Social	
<b>Xornadas de difusión</b>	Promover cursos específicos para empresas Promover xornada de portas abertas Promover xornadas formación continua	Anualmente	Nº cursos Nº xornadas	
<b>Xornadas de formación transversal</b>	Ampliar o número e a duración das xornadas de formación transversal.	Anualmente	Nº propostas:1	Totalmente acadado para o curso 2015/2016

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017
	FORMATO	Páxina 19 de 30

## 2.4 Estado do plan de mellora a realizar durante o curso 2015/2016.

O plan de melloras proposto para o curso 2015/2016 comprende catro accións de mellora:

- AM01- Mobilidade de estudantes
- AM02- Incluír toda a memoria do título na aplicación do Ministerio de Educación coas modificacións recomendadas
- AM03- Creación e implantación de guía académica para as materias do Grao
- AM04- Completar e renovar a dotación de material de prácticas dos laboratorios do Centro

A acción AM01, ten como data prevista para a súa finalización o curso 2018-2019 no seu obxectivo máis amplo que é o de promover convenios de mobilidade con diferentes Universidades para os estudantes. Dentro desta acción se contempla una tarefa de difusión dos temas de mobilidade dentro das xornadas de formación transversal que se levan a cabo no centro. No curso 2015/2016, Durante el curso 2015/2016 ofertáronse un total de 18 prazas dentro do programa de intercambio SICUE entre Universidades Españolas (Véxase oferta prazas [http://www.usc.es/es/perfis/internacional/programas/sicue/estudiantes\\_outgoing.html](http://www.usc.es/es/perfis/internacional/programas/sicue/estudiantes_outgoing.html)), aumentando en 4 o número de prazas ofertadas con respecto ao curso 2014/2015. Se estableceron 2 novos convenios SICUE coas Universidades de Sevilla e Granada.

Na Comisión de título do 25/02/2016 presentouse unha proposta recibida dende a Universidade do Minho (Braga, Portugal) para establecer un convenio de mobilidade ERASMUS para alumnado e profesorado da Facultade. A Xunta de Facultade reunida en sesión extraordinaria o día 1/04/2016 acorda iniciar os trámites para establecer un convenio de mobilidade ERASMUS con la Universidade do Minho que se firma con data 22/04/2016. Esta acción de mellora terá continuidade no curso 2017/2018.

En relación a acción AM02, indicar que dende a Facultade enviárase a declaración de intencións de modificación da memoria do Grao en Óptica e Optometría á Vicerreitoría de Titulacións para que e que con data 22/05/2015 informouse ao Decanato da paralización do proceso de modificación porque o Grao en Óptica e Optometría ten que someterse ao proceso de renovación da acreditación no curso 2015/16 (data límite para la renovación:25/05/2016) y polo tanto, a Universidade non pode tramitar modificacións da titulación neste curso (segundo as Instrucións da Secretaría Xeral de Universidades para o desenvolvemento do Decreto 222/2011, cláusula 7a). Por tanto, as modificacións de tipo administrativo, que non respeto a docencia nin plan de estudos, quedaron pendentes para o curso 2016/2017.

A Comisión de Título na súa sesión do 13/01/2016 e a Xunta de Facultade na súa sesión extraordinaria do 19/01/2016 acordaron solicitar de novo a autorización para realizar a modificación da memoria do Grao. A comisión de titulacións da USC, na súa sesión do 26/01/2016 acordou aprobar a declaración de intencións presentada. O 28/04/2016 enviouse ao Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica (SXOPRA) o borrador da nova versión da Memoria do Grao. Tralo período de exposición pública e alegacións, o 02/06/2016 o SXOPRA informa favorablemente a proposta.

A memoria definitiva do grao en Óptica e Optometría apróbase na Xunta de Facultade do 28/10/2016 nesta versión inclúense todas as modificacións suxeridas pola comisión de renovación sa acreditación. O SXOPRA remitiu a Memoria final ao Ministerio o día 8/11/2016.

Esta acción debe ter continuidade no plan de melloras do curso 2016/2017 xa que quedan pendentes as alegacións á memoria e a súa aprobación.

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017
	FORMATO	Páxina 20 de 30

A acción AM03 xorde da análise, na Comisión de Título (sesión do día 04/04/2016), do informe provisional de renovación da acreditación do Grao efectuado pola comisión de acreditación o 2/02/2016. En dita Comisión propónse a elaboración e aprobación dun modelo de guía docente xenérico para o centro que o profesorado responsable de cada materia deberá completar. Na Comisión de Calidade do día 30/05/2016, a Coordinadora da Titulación presentou unha proposta para o modelo de guía docente baseado en táboas, de forma que a información presentase dun modo moi visual. Neste modelo inclúense apartados como: datos descritivos da materia, organización, obxectivos, competencias, contidos e indicacións metodolóxicas. A Comisión de calidade aproba o modelo e a súa implantación para o curso 2016/2017. Finalmente, o deseño de guía docente apróbase na Xunta de Facultade do 16/06/2016 coa incorporación de suxerencias por parte do profesorado e có compromiso de remitir ao profesorado coordinador de cada materia a guía docente cos apartados de competencias, indicacións metodolóxicas e avaliación cuberto dacordo ao plan de estudos do Grao. Sen embargo, o retraso na tramitación da memoria de modificación do Grao, retrasou a implantación das guías por lo menos ata o segundo semestre do curso 2016/2017.

Respecto da acción de mellora AM04, indicar que o 12/2/2016, a Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación publicou as bases da convocatoria anual de “axudas para o desenvolvemento de acción de mellora da docencia”. A comisión de calidade reunida o día 29/02/2016 acordou solicitar a todo o profesorado do centro información sobre o material docente que é necesario para poder abordar a docencia das materias prácticas. Dita solicitude realizouse por correo electrónico, tendo que cumprimentar o profesorado un arquivo no que se indicase o material e a súa xustificación e reenvialo á Secretaría do Decanato antes do 14 de Marzo. O día 15/03/2016 reuniuse a Comisión de calidade para analizar as solicitudes presentadas polo profesorado e definir a súa priorización en función das necesidades docentes. A cantidade total da axuda solicitada con relación a esta acción de mellora ascendeu a 52326 €. A axuda concedida para a renovación de equipamento docente foi 27830 €

Salientar que nin a axuda solicitada nin o presuposto do centro para o curso 2015/2016 permitiron facer unha renovación total del equipamento obsoleto pero sí unha análise do mesmo e unha renovación parcial.

Esta acción tamén terá continuidade no curso 2016/2017.

## **2.5 Funcionamento e resultados dos distintos procesos considerados no SGIC (Resultados académicos e resultados dos restantes indicadores de eficacia do sistema).**

Na Facultade de Óptica e Optometría só se imparte a día de hoxe o Grao en Óptica e Optometría. No informe de seguimento do título do grao anexo a esta memoria atópase o informe de resultados elaborado pola comisión de título do día 20/01/2016. A modo de resume comentar que nesta análise non se detectaron variacións importantes en canto aos resultados académicos. No plan de melloras elaborado para a acreditación do título propúxose como acción de mellora o estudo da taxa de abandono da titulación no primeiro ano, que é superior á media da USC. Dito estudo aínda non está completado xa que a comisión de título considera necesario ter datos de máis dunha promoción de alumnos de grao para poder facer unha análise seria dos motivos que levan ao alumnado a deixar os seus estudos ou a cambiar de titulación. A priori, o principal motivo para esta alta taxa de abandono (33,90%), parece estar relacionado coa porcentaxe de alumnado que accede á titulación como segunda, terceira o cuarta opción. Obsérvase que a maior parte do alumnado que non escolle o Grao en Óptica e Optometría como primeira opción, escolleu Graos da rama de Ciencias da saúde cuxas notas de acceso son superiores as do Grao en Óptica e Optometría. O traslado de parte deste alumnado

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017
	FORMATO	Páxina 21 de 30

nos anos seguintes ás titulacións de preferencia, xustifica a taxa de abandono do Grao, que alcanza un valor dun 33,90%, sendo superior á media da Universidade (23,19%).

Considérase necesario destacar os bos resultados de inserción laboral dos nosos titulados, destacando que dos 52 alumnos que se titularon no curso 2013-2014 (datos que se manexan no SGIC), o 73,1% estaba afiliado á seguridade social un ano despois da titulación. O 40,6% tiña un contrato indefinido e o 81,8% estaba contratado a xornada completa. Dous anos despois da titulación, a porcentaxe de afiliación á seguridade social aumentou ata o 80,8% e a porcentaxe de contratos indefinidos ata o 47,4%. É necesario salientar que os restantes alumnos, o 19,2% non ten porque estar en paro senón que pode estar cursando estudos de posgrao ou especialización fóra da USC, polo que non se dispón de datos ao respecto. A porcentaxe de contratados a tempo completo diminuíu lixeiramente ata un 81,6%, aumentando a porcentaxe de contratados a tempo parcial cunha xornada de traballo maior que a media xornada ( pásase dun 12,1% un ano despois de titularse a un 13,2% ao cabo dos dous anos). Segundo os datos dos indicadores da Seguridade Social, dou anos despois de titularse os 97,6% dos nosos egresados cotizan dentro do grupo de cotización de universitarios .

Tamén é necesario salientar que a taxa de éxito dos egresados do grao en Óptica e Optometría presentou, para o curso 2015-2016 un valor en porcentaxe dun 89,82%. Desglosando estes datos por sexo, é maior o éxito dos egresados homes (92,25%) que o das mulleres (88,65%).

## **2.6 Procesos, procedementos e documentación do SGIC: necesidade de efectuar cambios na xestión do Sistema de Garantía Interna de Calidade.**

En relación aos procesos, procedementos e documentación do SGIC da Facultade de Óptica e Optometría, considérase necesario realizar os seguintes cambios:

1. Actualización completo do manual de calidade e do manual de procesos que quedou paralizado no ano 2015 e que constitúe una das accións de mellora para a titulación (AM07 do plan de melloras)
2. Adaptación ás particularidades do centro e do Grao en Óptica e Optometría dos seguintes procesos
  - a. P04-PC-04 Programación das materias
  - b. PC-09 Xestión de prácticas externas
  - c. PC-10 Realización traballo fin de Grao/Máster
  - d. PM-02 Medición da satisfacción dos grupos de interés, coa finalidade de incluír a todos eles, en concreto aos empregadores, cuxa participación nas enquisas de satisfacción é moi escasa

## **2.7 Satisfacción dos grupos de interese, queixas ou reclamacións, necesidades e expectativas.**

O grupo de interese cunha maior participación nas enquisas de satisfacción é o Persoal de Administración e Servizos, a valoración do PAS da súa satisfacción co seu traballo é de 3,5 sobre 5, acadando o mesmo valor que no curso anterior e lixeiramente inferior á media da USC que é dun 3,6. Detectáronse baixas importantes da súa satisfacción en relación aos ítems 1 (funcións e responsabilidades claramente definidas) e no ítem 2 (Sistema de reparto de cargas de traballo axeitado). O PAS indica que, en primeiro lugar moitos deles realizan tarefas que, aínda que non están recoñecidas entre as súas funcións na Relación de Postos de Traballo da USC, son imprescindibles

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017
	FORMATO	Páxina 22 de 30

para o bo funcionamento do centro, en segundo lugar, indican que a definición das tarefas correspondentes a algúns postos, en concreto os postos de Técnicos de investigación destinados nos laboratorios docentes, no se redefiniu dende hai anos. O PAS da Facultade tampouco se amosa satisfeito coa formación recibida para a realización do seu traballo ao puntuar dito ítem cun 2,75/5, igual que no curso anterior e por debaixo da media da USC aínda que o 50% participou nos cursos de formación ofertados neste curso pola USC dentro do programa de formación. Os representantes do PAS na comisión de título, fixeron constar que a unidade de apoio á xestión neste curso 2015-2016 estaba formada por un só traballador e que a enquisa de satisfacción que se lles fai inclúe administración, conserxería e técnicos de investigación que funcionalmente dependen de unidades diferentes e polo tanto os datos amosados nas enquisas deben considerarse con cautela.

O segundo grupo con maior participación nas enquisas de satisfacción é o profesorado. Na enquisa de profesorado coa docencia impartida considéranse ítems relacionados cos recursos do centro e da USC axeitados para a práctica docente, neste ítem a puntuación outorgada polo PDI vai aumentando lentamente dende hai dous cursos (3,32 no 2013/2014, 3,39 no 2014/2015 e 3,40 no 2015/2016). En relación aos programas de formación de PDI da USC durante o curso 2015-2016, o 70,37% do profesorado do centro está interesado en recibir formación de apoio para a mellora da docencia en relación tanto a novas tecnoloxías como a apoio didáctico e pedagóxico xeral.

Os alumnos participan no proceso de medida da súa satisfacción a través da realización de diferentes tipos de enquisas, enquisa de satisfacción sobre a docencia recibida (cunha participación dun 30%), aqueles alumnos que realizan prácticas externas, no Grao en Óptica e Optometría “Prácticas Tuteladas”, realizan una enquisa de satisfacción có programa de prácticas externas. Ademais, os alumnos que participan en programas de mobilidade tanto entrante como saínte da USC realizan una enquisa de satisfacción en relación a ditos programas. Debido á baixa participación do alumnado, o plan de melloras elaborado na acreditación contemplou una acción de mellora destinada a fomentar a súa participación nas enquisas de satisfacción. O centro mantivo aberta a aula de informática en horario lectivo para facilitarlle aos alumnos a realización destas enquisas. O éxito desta acción medirase no informe de seguimento do curso 2016/2017.

Os titores externos participan no proceso de medida da súa satisfacción dentro dunha materia do Grao que son as “Prácticas Tuteladas”. Aínda que estas enquisas están directamente relacionadas cunha materia do plan de estudos do Grao en Óptica e Optometría, abordamos a súa análise ao non ser estritamente considerados docentes do plan de estudos do Grao. Hai que salientar que as valoracións en case todos os ítems da enquisa de satisfacción deste grupo de interese supera a media global dos programas de prácticas externas da USC. Considérase que estes resultados non son significativos debido á baixa taxa de participación dos titores externos

Os egresados da Facultade de Óptica e Optometría valoran moito o programa de prácticas externas (4/5) por riba da media da USC. En relación á organización do Grao valoran cun 3,14 sobre 5 a organización académica xeral do título, tamén por riba da media da USC neste ítem (2,95). En relación á información pública dispoñible, as valoracións do título nos diferentes ítems son superiores á media da USC, así por exemplo, a valoración que outorgan os nosos egresados á páxina web da USC é de 4,14, e á páxina web da titulación de 3,29, en ambos casos por riba do valor medio da Universidade.

Segundo o informe da enquisa, o atención recibida no Decanato do centro valórase cun 2,33, por debaixo da media da USC. Neste sentido, unha das accións de mellora xurdida do proceso de acreditación e que se puxo en marcha a finais do curso 2015-2016 (AM05) consistiu na creación dun buzón de queixas e suxestións na páxina web e na sistematización do procedemento de recollida de queixas e suxestións. Salientar que dende a súa creación non se recibiron nin queixas nin suxerencias por esta vía. Na Oficina de Análise de Reclamacións (OAR), recibíronse 3 queixas ou suxerencias e presentáronse 2 recursos. En xeral, a maior parte das reclamacións presentadas na OAR refírense ao proceso PXA-07 adaptacións, validacións e recoñecementos, no curso 2015/2016 presentouse 1 recurso con relación a este proceso.

 <b>USC</b> <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULDADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017
	<b>FORMATO</b>	Páxina 23 de 30

### 3. Plan de Melloras do Centro

LISTAXE DE ACCIÓNS						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMIENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM01	Inf. de seguimento curso 2015/2016 Plan de melloras acreditación	Promover convenios de mobilidade Europeos e extracomunitarios	Continuación do curso 2014/2015	Comisión de Título	Curso 2018/2019	
AM02	Inf. de seguimento curso 2015/2016 Plan de melloras acreditación	Resposta ás alegacións da acsug á memoria modificada	Continuación do curso 2014/2015	Comisión de Título e Comisión de Calidade	Xuño 2017	
AM03	Inf. de seguimento curso 2015/2016 Plan de melloras acreditación	Implantación das guías académicas	Continuación do curso 2014/2015	Comisión de Título e Comisión de Calidade	Febreiro 2018	
AM04	Inf. de seguimento curso 2015/2016 Plan de melloras acreditación	Renovación de material docente obsoleto	Continuación do curso 2014/2015	Comisión de Calidade	Decembro 2017	
AM05	Seguimento do SGIC	Internacionalización da páxina web	Aberta	Comisión de Calidade	Setembro 2017	
AM06	Seguimento do SGIC Plan de melloras da acreditación	Actualización dos Manuais de calidade e do Procesos e procedementos do SGIC	Aberta	Comisión de Calidade	Decembro 2017	

ACCIÓN DE MELLORA

Definición	Acción de mellora	Código	AM-01
		Tipo	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Alumnado do Grao
	Definición	Análise causa	Baixa mobilidade de alumnado tanto entrante como saínte
		Definición/descripción proposta	Promover convenios de mobilidade Europeos e extracomunitarios
		Data prevista de finalización	Curso 2018/2019
		Data inicio	Xaneiro 2016
Responsables	Responsable da implantación	Responsable de mobilidade da Facultade Decanato	
Finalización	Estado		
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		



ACCIÓN DE MELLORA

Definición	Acción de mellora	Código	AM-02	
		Tipo	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Grao	
	Definición	Análise causa	A memoria modificada está pendente do informe de avaliación da acsug.	
		Definición/descrición proposta	Resposta ás alegacións da acsug á memoria modificada	
		Data prevista de finalización	Xuño 2017	
		Data inicio	Xaneiro 2016	
Responsables	Responsable da implantación	Comisión de Título, Xunta de Facultade, Equipo decanal e Responsable da Unidade de Apoio á Xestión		
Finalización	Estado			
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

 <b>USC</b> <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017
	<b>FORMATO</b>	Páxina 26 de 30

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-03	
		Tipo	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante	
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Todos os grupos de interese	
	Definición	Análise causa	Plan de melloras da Titulación de Grao en Óptica e Optometría	
		Definición/descripción proposta	Implantación do modelo de guía académica deseñada e aprobada pola Facultade	
		Data prevista de finalización	Febreiro 2018	
		Data inicio	Xaneiro 2017	
	Responsables	Responsable da implantación	Equipo Decanal e Coordinadora do Título	
Finalización	Estado			
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

ACCIÓNS DE MELLORA


Definición	Acción de mellora	Código	AM-04	
		Tipo	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Todos os grupos de interese	
	Definición	Análise causa	A alta tecnificación da Óptica e Optometría esixe a renovación cada pouco tempo do material de prácticas que vai quedando obsoleto.	
		Definición/descrición proposta	Análise e priorización de necesidades de renovación de material de prácticas	
		Data prevista de finalización	Decembro 2017	
		Data inicio	Xaneiro 2017	
	Responsables	Responsable da implantación	Equipo Decanal e Coordinadora do Título	
Finalización	Estado			
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

ACCIÓNS DE MELLORA

Definición	Acción de mellora	Código	AM-05
		Tipo	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade Directriz 6. Información pública
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Todos os grupos de interese
	Definición	Análise causa	Seguimento do SGIC Plan estratéxico da Facultade
		Definición/descripción proposta	Internacionalización da páxina web da Facultade
		Data prevista de finalización	Setembro 2017
		Data inicio	Xaneiro 2017
Responsables	Responsable da implantación	Equipo Decanal, Responsable de Calidade	
Finalización	Estado		
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		

ACCIÓN DE MELLORA

Definición	Acción de mellora	Código	AM-06	
		Tipo	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Todos os grupos de interese
		Definición	Análise causa	Seguimento do SGIC Plan de melloras da acreditación
			Definición/descripción proposta	Actualización dos Manuais de calidade e do Procesos e procedementos do SGIC
			Data prevista de finalización	Decembro 2017
			Data inicio	Xaneiro 2017
Responsables	Responsable da implantación	Equipo Decanal, Responsable de Calidade		
Finalización	Estado			
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULDADE DE ÓPTICA E OPTOMETRÍA	MEMORIA DE CALIDADE  <b>FORMATO</b>	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017 Páxina 30 de 30
---	---	---

#### 4. Anexo: Informes de seguimento